CARLOS CASARES

# FERMÍN BOUZA-BREY

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
1992

EMIA
ÑA
8
ca

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
35298
Biblioteca

CARLOS CASARES

# FERMÍN BOUZA-BREY

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
1992

R 5861

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLICIT EXPURGT INNOVAT
Biblioteca

Depósito Legal VG-294-1992

I.S.B.N.: 84-604-2854-0

Debuxo de Carlos Maside

FERMÍN BOUZA-BREY
(1901 - 1973)

Bouza Brey

# LIMIAR

# UN POETA TRASCENDENTE

Recordo a Fermín Bouza-Brey na Compostela dos anos sesenta, sempre relacionado con algúns escenarios moi concretos. Véxoo, por exemplo, na librería de Eduardo Hernández, na Rúa do Vilar, case frente da súa casa. Acudía alí polas tardes, xa na posta do sol, a consultar as novidades que ían chegando ou a facer tertulia con outros amigos habituais daquel curioso establecemento instalado nun portal. Era bibliófilo e adquiría libros raros, sobre todo relacionados con Galicia. Alí lle escoitei falar da edición de Rosalía de Castro que lle encargaran para conmemorar precisamente o primeiro Día das Letras Galegas, celebrado no ano 1963. Falaba con preocupación e escrúpulos das dúbidas que o asaltaban antes de establecer os criterios para fixar o texto.

Tamén o recordo na biblioteca do Instituto Padre Sarmiento, onde botaba horas dedicado á investigación. Interesábanlle cousas moi diversas: a cultura popular, a arqueoloxía e a historia, e por suposto tamén a literatura, pois era un poeta recoñecido, autor dunha obra non demasiado extensa, pero moi positivamente valorada por colegas e lectores. Pasaba ademais por dispoñer do mellor arquivo rosaliano, do cal se esperaba que algún día acabaría saíndo a grande biografía da escritora, tan agardada por todos. Un sentido paralizante do rigor, as moitas ocupacións, incluídas as profesionais, e unha morte temperá non permitiron que o proxecto chegase ó seu fin. Deixou, sen embargo, traballos parciais, algúns aínda inéditos, de valor inestimable, sobre todo os que se refiren á xenealoxía da escritora.

Formaba parte viva de Compostela. Non era raro velo paseando demoradamente polas rúas ou departindo cos amigos nalgún recuncho da cidade, especialmente con aqueles que a xente identificaba como galeguistas. Esta era, por outra parte, a estimación que tiña entre os seus veciños, que ademais o rodeaban da lenda de consideralo un demócrata con coraxe. Percibíase ben na conversa cos mozos, cando se refería ás cousas do pasado inmediato de Galicia, que explicaba con claridade e non sen unha certa nostalxia resignada. Como tantos compañeiros de xeración, tamén el tivera problemas co réxime político saído da guerra. Levaba con dignidade os atrancos que lle fora poñendo a vida e que lle fixeron perder a carreira xudicial.

Nacera en Ponteareas o 31 de marzo do ano 1901 e desde moi novo, cando se estableceu en Compostela para facer estudios universitarios, entrou en relación co movemento galeguista, daquela recentemente fortalecido coa incorporación dun grupo de intelectuais modernos que acabarían traspasando á cultura galega a amplísima formación europea que foran adquirindo pola súa conta. Foi entón cando coñeceu a Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino L. Cuevillas. Deste último chegaría a ser un dos discípulos máis apreciados. Cando os coñeceu, os membros daquel grupo de modernistas ourensáns acababan de poñer en marcha a revista *Nós*, un órgano de expresión cultural que ía transformar o panorama intelectual da Galicia daqueles anos, e no que Bouza-Brey había colaborar de forma habitual.

Participou na fundación do Seminario de Estudios Galegos, unha institución privada que pretendía potenciar a investigación universitaria e que se convertiu tamén nun dos instrumentos máis eficaces de renovación do galeguismo cultural, cada vez máis separado do ruralismo ou a retórica historicista dos rexionalistas do século XIX. No seo do Seminario, Fermín Bouza-Brey colaborou en distintas seccións, pois sentíase atraído por varias disciplinas. Tomou parte en proxectos de investigación que incluían estudios de historia, arqueoloxía e etnografía. Nesas tres áreas desenvolvería posteriormente o groso da súa obra científica, que fixo compatible, como tantos compañeiros seus, co cultivo da literatura, especialmente da poesía.

Neste campo deuse a coñecer no ano 1933 cun libro de poemas titulado *Nao senlleira*. Este libro apareceu no contexto hispano dunha poesía que non tiña a pretensión de opoñerse por principio ás manifestacións literarias do pasado, senón que prefería incorporar calquera elemento poético, á marxe de cal fose a súa procedencia, só polos seus valores estéticos autónomos. Deste xeito xuntáronse nun mesmo proxecto tanto a poesía clásica, como a lírica popular ou as manifestacións máis audaces da vangarda. O fenómeno, que se deu no ámbito de toda a poesía peninsular e que levou a poetas como García Lorca ou Rafael Alberti a facer compatibles a recuperación da tradición folklórica cos máis altos requintamentos expresivos do surrealismo, tivo tamén en Galicia algúns beneméritos cultivadores.

Dentro do Seminario de Estudios Galegos, a figura de Armando Cotarelo Valledor, catedrático da universidade de Santiago, aglutinaba arredor del ós mozos que se interesaban pola literatura. Desde moi pronto soubo valorar o que significaban para as letras galegas, carentes dunha sólida tradición literaria, a popularización dos Cancioneiros medievais, editados por entón con rigor crítico por José Joaquim Nunes e estudiados con amplitude, incluídos os aspectos métricos, por Manuel Rodrigues Lapa. Estas e outras circunstancias deron orixe nos anos anteriores á guerra civil de 1936 a unha corrente poética denominada

"neotrobadorismo", que proseguíu despois da contenda, e que utilizaba os recursos poéticos dos trobadores galego-portugueses da Idade Media. Nesa corrente inscríbese a obra de Bouza-Brey.

A aparición de *Nao senlleira* foi un acontecemento literario no panorama familiar da poesía galega anterior á guerra civil. Cando se publicou, Bouza xa pasaba dos trinta anos e era coñecido polos seus traballos de investigación, pero como poeta, a pesar de que xa publicara algúns versos en periódicos e revistas, permanecía practicamente inédito. O seu primeiro libro recibiu o eloxio ponderado de Ricardo Carballo Calero, un dos poucos críticos literarios que comentaban de maneira sistemática os escasos libros galegos que entón se publicaban. Con agudeza, Carballo soubo distinguir naquel libro o que nel había de sustancia poética de todo canto non pasaban de ser recursos retóricos de escola. Advertiu tamén, eso si, das limitacións que supuña encerrarse no círculo pechado destes últimos.

Non obstante, desde entón, a poesía de Bouza-Brey, a penas se puido librar do tópico de ser considerada parte sustancial dunha escola poética arcaizante. E sen embargo esa non é a calificación que mellor corresponde á obra do noso escritor. Non se pode dicir sen máis que Bouza-Brey foi un poeta da escola neotrobadoresca, se por tal entendemos que o autor de *Seitura* dedicou fundamentalmente o seu esforzo poético a restaurar, cun propósito máis ben lúdico, as formas métricas e os recursos poéticos da lírica galega medieval. Un traballo desa natureza, do cal hai exemplos abundantes na historia da literatura universal, non parece o máis adecuado para conquistar un lugar de honor no cobizado reino das musas. A arqueoloxía literaria nunca pasou de ser un simple xogo de inxenio, non un acto creador.

É certo que unha parte da obra poética de Fermín Bouza-Brey se inscribe dentro da escola neotrobadoresca, pois está construída con materiais procedentes desa canteira literaria. Pero os poemas que admiten esa filiación rara vez se limitan a reproducir dun xeito máis ou menos habelencioso os recursos retóricos manexados polos trobadores. Polo contrario, en xeral, Bouza-Brey válese deles, como se pode valer de calquera outros recursos de época, cun propósito simplemente instrumental. A finalidade é poética, ou se se quere, creativa, pois do que se trata é de atopar os materiais máis adecuados para construír unha obra que aspira á propia singularidade no campo do significado, pero que non renuncia ás conquistas formais da historia literaria, incluídas as dos poetas galegos da Idade Media.

Clasificar, polo tanto, a Fermín Bouza-Brey como un poeta da escola neotrobadoresca significa condenalo a non ser comprendido. Para estudialo parece máis xusto partir da súa condición de poeta culto, que recentemente ten salientado con acerto Ramiro Fonte. Esa circunstancia explica mellor os propósitos da súa poesía, que nada teñen que ver coa

restauración do pasado, senón coa vontade de construír unha linguaxe poética coidada e esteticamente eficaz, posta ó servicio ademais dunha intención expresiva e literaria moderna. Este é o elemento nodular da poesía de Bouza, aquel que nos permite tomar en serio o seu esforzo e adentrarnos na exploración dos seus poemas á percura da densidade humana que o xustifique.

Na poesía de Bouza-Brey hai, a parte do constructivismo formal dalgúns poemas, reminiscencia dunha concepción creacionista da poesía, a expresión dun discurso existencial, directamente relacionado cos estratos máis íntimos da personalidade. Os seus versos, polo tanto, son un medio do que el se vale para transmitirnos unha mensaxe, non un simple obxecto que se xustifica e esgota na súa propia realidade artística. Esto sitúa a obra deste poeta nun ámbito trascendente, o único no que se fai posible a aparición da verdadeira poesía, aquela que aporta algún tipo de novidade á realidade da vida no campo da intuición, o coñecemento, a sensibilidade ou o sentemento.

No primeiro dos seus libros, aínda aceptando a dependencia que ten do parnasianismo, aparecen versos que trascenden a pura finalidade escultórica do poema. Mesmo no que abre o libro, a exclamación "¡Quen dera ser nao senlleira!" utiliza o símbolo da nao e da mar como resonancias dun mundo interior que o brillo ou a música das palabras non consiguen ocultar. Esa nao sen estrelas nin portos, que aspira a ser a súa propia ribeira, é unha referencia persoal de significado misterioso e inconcreto, pero que rebota como un eco da alma do poeta. Pódese discutir o que se esconde debaixo dese símbolo, pero está claro que o que se esconde procede dunha parte íntima e fonda do espírito que o invocou. É dicir, que non se trata dun xogo.

Así o vemos noutros poemas dese mesmo libro que nos din que esa nao senlleira é guindada polo trebón "nas abisales paixóns" ou que a nao, como os milleirais floridos do corazón, son pulos estériles dun espírito e saudades do que nunca naceu e do que nunca finou. Incluso nas composicións que adoptan dun xeito evidente a forma externa das cantigas medievais, nunca falta esa resonancia humana da que falamos. É o que sucede nunha das estrofas máis xustamente famosas de Bouza-Brey, aquela que describe o faro de Corrubedo como un ollo largasío que estremece o corazón de medo. É este sentemento o que afonda o poema no corazón.

No segundo libro de Bouza, *Seitura*, publicado despois da guerra, a intención do poeta parece clara se tomamos como referencia o primeiro poema, titulado "A Emilia". Empregando unha vez máis unha metáfora mariña, nel fala destes versos como navíos que polos mares neboentos que se agachan no seu interior, abatidas as velas polos ventos da saudade, en percura da calma, chegan ó confín da muller. Non ha estrañarnos, xa que logo, que máis adiante nos fale con nostalxia de aquelo

do que fuxe e que quixera atopar, e que o poeta confesa que son os espantos, a perfidia e a dor. Tampouco pode sorprendernos o poema titulado "Quinta feira maior", onde o poeta invoca a paixón de Cristo e reclama tamén a súa cruz.

Sen embargo, o poema de Bouza-Brey que mellor ilustra canto levamos dito é o titulado "No cemiterio de Cortegada de Miño". Trátase dunha composición trobadoresca, que xira arredor da presencia dun gaio que canta na póla dun pino, primeiro, e nunha maceira brava, despois, no interior do camposanto desta localidade. O poema consta de vintecatro versos, vintetrés dos cales están destinados a louvar o canto do paxaro, sen que en ningún momento o espírito do poeta apareza nin directa nin indirectamente. Poderíase dicir que estamos diante dun puro divertimento literario ou que asistimos á restauración intrascendente dunha forma poética do pasado. Pero de pronto, no último verso, o xogo cobra sentido. O louvor polo canto do gaio é porque así lle decora ó poeta a campa da Nena. Dificilmente poderiamos atopar un exemplo máis explícito do que significa a poesía de Fermín Bouza-Brey.

Hai xa tempo que lle tiñamos prestado a nosa admiración a este poeta polo seu virtuosismo formal e pola sabiduría intelixente con que soubo construír os seus poemas. Agora, dado que foi tamén un poeta do corazón, abramos tamén o noso peito á melodía humana do seu canto. Quizáis sexa esta a débeda que podemos pagar hoxe, cando a Real Academia Galega e Galicia enteira honran a súa memoria.

# NAO SENLLEIRA *

* Na presente edición fixemos correccións ortográficas para adaptar o texto á ortografía actual, pero respectamos integramente as solucións morfolóxicas e o léxico do poeta. En *Seitura*, que como é sabido foi publicado en Portugal, ademais das correccións puramente ortográficas, sustituímos formas como *coração* por *corazón* ou *ũa* por *unha* e similares.

bovzd-brey
nao senlleira
nos-MCMXXXIII

*A meu pai*
que aforcou as musas

*Cercáronme as ondas que grandes son*
*e non hai barqueiro nen remador.*

MEENDIÑO

*¡Quen dera ser nao senlleira*
*naquel mar non presentido*
*das xa mergulladas terras!*

*Sen ceo, sen astros, sen vento,*
*sempre á toa polas ondas*
*deitado no esquecimento,*

*nin andar nin desandar,*
*nin ter outro coido acedo*
*que leixarse ir polo mar...*

*¡Quen dera ser nao senlleira!*
*Sen fito —estrela nin porto—*
*ser eu a propia ribeira!*

*¡Quen dera...!*

1932

## LELÍAS AO TEU OUVIDO

O pumariño da noite quer froitificar estrelas.
O tanxer de ista cantiga é a sinal para alcendelas...
—ai, meu amor!—
...é a sinal para alcendelas.

Agárdanos na ribeira, sob o descordo do mar,
no seo dos cons, o leito de herbiñas de namorar...
—ai, meu amor!—
...de herbiñas de namorar.

As nove ondas do ensono espreitan co seu engado
pra enguedellar a toleira de ista noite de noivado...
—¡ai, meu amor!—
...de ista noite de noivado.

Eisí ao fontegal da espranza, antes de que saia o día
iremos enguedellados catar a fror da auga fría...
—ai, meu amor—
...catar a fror da auga fría.

Ao alén!, que no pumariño madurecen os luceiros;
nosos dous corazóns beilan tolos nos ledos turreiros,
ai, meu amor!;
no labradío das ondas albea a fror do luar
lámpada para o teu leito de herbiñas de namorar,
ai, meu amor!;
si algún malfado nos fire, axotaremos o mal
a bicos, ou caramiña de un virxe caramiñal...
—ai, meu amor—
...de un virxe caramiñal.

# TROBA INFINITA

Pra Anxelo Romero Cerdeiriña

Con treu de espranzas navega
—ai Deus!— o meu corazón,
soñando portos iñotos
onde ninguén arribou.
Nin estrelas, nin buxolas
nin áncoras no seu prol;
mariñan os mariñeiros
do pensamento e o trebón
guinda ca nao senlleira
nas abisales paixóns,
ai Deus!
Salvade, louras sereas,
ao meu corazón!

Os milleirales froridos
—ai Deus— do meu corazón
están na maturidade
nas íntimas extensións,
os seus froitos resequidos
por todo queimante amor,
as follas enrequentadas
por todo lírico sol
e as fouces irtas á espreita
co seu gume feridor.
Ai Deus!
¡Mozas, vinde a desfolla
do meu corazón!

Morreu a morna cantiga,
—ai Deus!— do meu corazón
e o seu amante salaio
en ningures se escoitou.
Brancos peitos de almasí,
amerceaivos de nós!
Teño aínda aberto-los beizos
onde finou a canzón

que agora quere ser bico
xa que deixou de ser voz.
Ai Deus!
Ou, donas!, non zugaredes
o mel do meu corazón?

Nao, milleiral, cantiga,
froitos que pra ninguén son,
pulos estérils do esprito
que non ecoa un cramor,
que non recolle unha ialma
que non acompasa un voo;
vieiros que non têm termo,
lumes que non têm quentor,
sementeiras sen seitura,
roseiras, sen frorazón...
Rosas, grans, moxenas, pedras...
infinido, eterno poo.
Ai Deus!
Saudades do nunca nado
e do que nunca finou!

1926

# TRIADAS NO MAR E NA NOITE

A J. M. de la Fuente Bermúdez

Meu navío leva ao vento
no mastro eterno da noite
o treu do meu pensamento.

Leda vai a nao
na proa unha frol:
a rosa albariña
do meu corazón.

Amiguiña, crara estrela,
dame a aguillada de un bico
para apurrar a gamela.

Leda vai a nao, *et sic*.

Por navegar ao desvío
varei a miña chalana
no teu corazón-baixío.

Leda vai a noa, *et sic*.

Os agros van de ruada.
Vinde ruar polas ondas
levarés a herba mollada.

Leda vai a nao, *et sic*.

O faro de Corrubedo
co seu ollo largasío,
ai amor, púxome medo.

Leda vai a nao, *et sic*.

Deitouse o mar, foise o vento,
no mastro da noite albean
os liños do pensamento.

Leda vai a nao
abordo un amor;
é granada a rosa
do meu corazón.

1927

# TEÑO UNHA ESTRELA

Esta estrela non se dont vinet
quin la trae o quin la tine...

*(Auto de los Reyes Magos)*

Teño unha estrela noviña e campal
que sabe leer, escrebir e contar;

limpa, a miña constelazón
e léixaa enxebre como o seu corazón;

barre o sarego do meu luar
e fica albariño como o seu ollar;

beila no meu turreiro sen lecer
e tórnao ledo como un axouxer;

ten os ollos derramados
por mollar os meus sonos verdegados;

lávase na amañecida
no rego da miña vida;

peitéase na alborada
na fror da miña auga crara,

ínzame o ceo interior
de luz solene e mol;

e cóntame historias futuras
xa vellas nas miñas infindas lembrazas,
por Ela sei das xornadas heroicas e duras
que agardan a Jacobuslandia!

Teño de noiva unha estrela cordial
ai, quen como vós, luceiros, soupese leer e medir e contar!

Teño unha estrela, lembranza sen fin,
que munxe no tempo saudades pra min;

apaña das rosas do meu sentimento
nas froumas do espazo e nos curros do vento,

é loura como un solpor
e ispida como unha dor;

nas pandeiradas do ensono
repenica pra o seu dono...

alcendeuse ao se apagar
no serán de un maio ledo
a espranza do seu ollar
nas augas do meu segredo.

Ai, quen como vós, luceiros, soupese leer e medir e contar!

1927

## DESCORDO PRA BEN MUIÑAR

Pra Amando Suárez Couto

Moe, moe, rodicio do Sol,
ai, o corpo da nena leda
fitada de evocazóns.

Moe, moe na acea infinida
das estelares moegas,
ai, os fros da neniña branca,
ai, o van da rapaza leda.
Tatuarás de lembranzas,
ai, o seu pensamento en tréboas.
Moe, moe o crudel corazonhe
ca roda da Lua albela
que no meu muiño real —moe—
fica o aceeiro á espreita.

Moe presto o adibal das cantigas
que se aforcan as mozas senlleiras!

Anda a auga —moe, moe— dos degaros
desacougada na presa...
Ñanai Noite, vella aboa —moe, moe—
remenda o cribo de estrelas...

Moe, moe, rodicio do Sol,
ai, o gran da meniña leda;
pon o tanxedoiro amante
da serán camanduleira
e a orballada irá caendo
no fol da veiga serea.

Moe, moe, remoe, remoe,
ai, leda!

1928

# CLAMOR NA ENCRUCILLADA

No anal de Amado Carballo

Catei ollos verdegados
sob dos piñeiros
—hei medo!—
de ramallos arrepiados,
cachoupos arregañados...
arregañados...

No trivium ispiuse a Lúa
de estrelas novas
—hei medo!—
ao saber da morte túa.
E a mendiña ficou núa...
ficou núa... núa...

Pé do cruceiro atravesa
a Santa Compaña
—hei medo!—
Entregaime a facha alcesa,
Poeta, que a vida pesa.
Convosco xa non hei medo!

1928

# TROBA DAS SETE NAOS

Refenda das sete naos
ben ouviredes contar...

Elas eran sete naos
todas de enxebre cristal
—sete bágoas orfas de ollos
que as quixeran derramar—,
que cun paxaro prisado
por un mar témero van
—cada paxaro unha troba
virxe de beizo mortal—.

Non teñen ren de aparello,
nin foz onde aparellar.

Levan por treu ás estrelas,
Deus do Ceu por capitán.

Á unha chaman Pensamento,
á outra chaman Libertá.
Os nomes que as outras portan
son de outo paraio real...

Pola costa verdegada
que din de Jacobusland,
no intre da media noite
anda a serea a cantar.
As cántigas que ela deita
na vida ouviredes tal!

Ás aves que van prisadas
dalles moita señardá.

Deus do Ceu aloumiñado
ben as quixera ceibar
e as sete naos pulidas
todas de enxebre cristal,

escáchanse nos brandidos
penedos da beiramar.

Os sete paxaros ceibes
á nacencia da mañán,
polas grañas infinidas
ben os veredes voar.

No bico locen saudades
da boa Jacobusland;
seu brasón no firmamento
as sete queren formar
que sexa voz no silenzo,
lumieira na escuridá
pra a terra da lanzalía
entre as terras a lanzal.

Pousaron no setestrelo
eternamente a cantar!

1929

## TENZÓN CO MALVÍS AMIGO

Ei, malvís do choupal dourado,
ceiba o luceiro do teu cantar
prendido do serán e do sol-nado,
na brétema arrandeado,
de vagariño a brilar!

Prisarás á noite ispida...
Adomea o herbal de estrelas
ca túa fouce infinida!

Ei, malvís do choupal neboento,
enfía as liñas sotils do vento
na agulla da túa canzón;
pon coseita a fontenla fresca do pensamento
ca burga de folía do corazón!

Apáñame ao mar en roda:
nun desmaio do teu bico
a xusteza da mar toda!

Ei, malvís do choupal veciño,
cata na frouma do teu niño
o froito do Tempo a madurecer...
Peteira na roda eterna de ise muiño
que a ti e a min hanos moer!

1929

## NA MORTE DE JULIO BRUMBECK REGUERA

Amigo craro, atal na noite maia,
nesta escurenta dor a me roldar
non hai ningunha estrela guacamaia
que arremede a voz pura do luar.

Amigo craro, atal que na orballada,
non ten a xesta en fror da miña mágoa
ningunha pinga química callada
na pulcritude enxebre de unha bágoa.

Sereo estou ollando a túa face...
¡Ti non te vas de min! ¡Xuntos boguemos
na hora suprema, cando a Morte nace,

cara ao Ningures, pola inmensa calma
do mar perdido da nenez sen remos,
pousar eternamente alma con alma!

1925

Sei, n-ite intre ispido, dos supremos
5
Sei de ti e sei de mim
sei de tudo infinito e de tudo confin

Amigo craro, atal na noite mansa,
n-esta escurenta dôr a mal roldar.
non hai ningunha estrela guacamaya
que arremede a voz pura do luar.

Amigo craro, atal que na orballada,
non ten a gesta en fror da ramallada
ningunha pinga química callada
na eternidade enxebre de unha lágoa.



Foi n-esta cousa pequena
o apaño da vida en roda.

A i-alma está abrancazada
estucada e pelirroxa ----------e virolla
Ven o sol toda ma esgaza
ven o luar toda ma esfola.
Gromo do longo mirar,
como me fitache agora
nesta primaveira vella
de inescomenzadas horas.
Gromo do longo mirar,
dende o bico da tua pôla
tornácheme a i-alma verde
co pincho da tua soma
i-esta primaveira vella
tornouse no peito nova.

Foi n-esta cousa pequena
o apaño da vida en roda.

======

Facsímile, mecografado e manuscrito, do poema *Na morte de Julio Brumbeck Reguera.*

## TEMAS EN CORAZÓN

Tascadoras do meu liño,
teño o corazón lizgairo
tascaredes amodiño.

Pranxideiras, a carpir!
teño o corazón lizgairo
e pódeseme dormir.

Cantadoras, a arrolar!;
teño o corazón lizgairo
e adoita a se despertar.

—Acordade o voso bruido
que durmindo esté desperto
e desperto ande durmido—.

Sementai, sementadores,
no meu corazón lizgairo
ventos de novos amores.

Bule, bule, amor leixado,
que o meu corazón lizgairo
fuxirache de contado.

Bule, bule, amor perdido...
¡Que azo o corazón lizgairo
por prisarche de corrido!

1929

## TEMAS DA FONTE AGACHADA

¡Cata a fonte costureira,
merla fonte asubiadora...!
¡Ten tesouras para a Noite
e agulliñas para a Aurora...!

¡Cata a fonte costureira!

No serán ao Ceu-Narciso
fura o balandrán de estrelas;
na Alborada o fío da auga
vai cosendo as buratelas.

¡Cata a fonte costureira!

Zurceume ben meus amores
a se espellar no seu cano...
Puxo noos de todo tempo
en liñas de todo o ano.

¡Cata a fonte costureira!

1930

## CÁNTIGA CÍVICA

Galiza é ceibe! ¡Xa os bilitroques
guindan os seus corazóns polos montes!

Os chuchameles mailas carqueixas
escoarán as verdades abertas!

—

Todo o que é lilio, todo o que é merlo
hase esfollar polos campos galegos!

Todo o que é fonte, todo o que é fror
halle arrincar arrecendos ao sol!

Pontes de escumas, nubes de rosas
pra acariñar amantiño nas cousas!

Arcos de grilos e carricantas
pra que se abrouxen as cósmicas agras!

—

Regos de aves, niños de estrelas
pra rebuldar ca enxebreza da Terra!

Pazos de orballos, medas de vieiros
pra apousentar os seus pulos inmensos!

—

Fragas de ideias, searas de astros,
pra rebrincar polos mundos abaixo!

Arcos-da-vella de bolboretas
pra adobiar as esenzas eternas.

—

Beilade ceos, troulade mares
hastra que tolos da baila caiades!

Medrade soutos e codesidos
que hai que abranguer tódolos infinitos!

—

Tódalas notas, cósmica lira,
pra descordar no nadal de Galiza!!

1931

# O ESCORDEONISTA

O escordeonista de Romai
bule a roldar ao seu amor.
Non leva panos de Cambrai
nin fitas de Rocamador.

O mar de millos en sazón
tremela en ondas ao pasar
antre abaloiros do luar
a follalata do escordeón:

i en tanto ao lonxe ven e vai
a lene espranza de un farol,
o escordeonista de Romai
desperta os azos do seu fol.

Nos fusos virxes dos pendóns
brincan as notas a tecer
fíos de longas vibrazóns
ensarillados de axouxers;

conta abrouxado o reiseñor
seu matinar ao milleiral
e o escordeonista boureador
fusila as queixas no pinal;

o sapo chifra... ¡probe de il!:
se lle esnafrou na inmensidá
a súa frauta pastoril
mollada de señardá!;

frores de peito do xestal
¡como elas soñan co escoler
abrindo olliños de cristal
para voltalos a choer!;

e a estrela nena que escoitou,
¡como ela berra pola nai...!

O escordeonista de Romai
toda a campía deloirou...!

—

¡Música en monllos que alí sai!
¡Freixa de notas en balbor!
¡Antergos panos de Cambrai
e fitas de Rocamador!!

1931

# NO ANAL DE MANOEL ANTONIO

Agora ando a preparar a miña marcha (non quero darche o gusto de que volvas a chamarme "piloto en seco") e un día próximo penso embarcar.

*Carta de M.-A. ó autor*

Porque crebou o mastro da nao pegureira
nunha Arcadia mariña sen ovellas nin fontes
é que prisou a miña antena silandeira
laiar de singladuras e carpir de hourizontes.

Porque aos boureles rexos da rapeta infinida
secoulle a ramallada de loureiro esculcante
é que a rede da Terra leva a pesca perdida...

Poeta, no teu posto, de cote vixiante,
de catro a catro, a eterna bitácora xa diante,
eres piloto "en seco", no mar e na outra vida:

¡Aaa...vante!

1931

# PARRANDA MARIÑEIRA

A Ricardo Carballo Calero

Din que unha fror verdegada amañesceu na badía.
É o meu cachemare, amor, que chegou da Especieiría,
meu cachemare, louvada!

Cata pra o herbal bolinante que fuxiu de Vilaboa...
Leva unha salamanquesa de carantoña na proa,
louvada, meu cachemare!

Tódalas gavias sabugos do máis mesto sabucedo;
tódolos foques codesos do codesido máis ledo,
meu cachemare, louvada!

Ven aniñar naquel chouso do masteleiro ambruíño.
Cando a froita amadureza peteirarás no teu niño.
Louvada, meu cachemare!

A urca vella, moza súa, é como unha veiga aberta:
ademite aos ventos todos, tódolos ares encerta.
Meu cachemare, louvada!

Atal é que un acebeiro, atal é que un reboredo,
polo día moita farra, pola noite moito medo,
louvada, meu cachemare.

Meu cachemare, louvada, sabe do mao e do bon,
sabe da pipa da caña e das vagas en cachón.

Meu cachemare, louvada, sabe de ti e máis de min:
¡navega todo infinito, coñece todo confín!

1932

# REGUEIFA

Pra Álvaro das Casas, celebrando o periplo

A balandra dos "Ultreya"
leva os corazóns por vela;
navega cara ao Futuro...
¡toda Galiza vai nela!

Toda Galiza vai nela,
prenda do meu paladar.
¡Os mares polo Infinito
que leviáns son de pasar!

Que leviáns son de pasar,
prenda do meu corazón,
os astros forman triskeles
en cada constelazón.

En cada constelazón
oise cantar unha estrela:
—"Velaivén a fror das naos,
¡¡¡toda Galiza con ela"!!!

1932

# GÁNDARA

A Floro L. Cuevillas

Naquel biduído dos bidos louzanos
o páxaro Sol non pía seus raios,
e morre de amor.

Naquel biduído dos lanzales bidos
o páxaro Sol non criba seus píos
e morre de amor.

Non criba seus ritmos, non pousa seus raios
e albean de frío os albres delgados
e morren de amor.

Non ceiba seus raios, non tece seus fíos
e albres e mámoas albean de frío
ca poldra que morde no mato cativo.

1932

Soutelo do teu ollar,
ermida do teu lentor,
congostra das túas verbas...
¡romaxe do meu amor!

Cántiga do teu refaixo,
lelía do teu corpiño,
música do teu mantelo...
¡foliada do meu cariño!

1928

## EU TEÑO UN COMPADRE...

Eu teño un compadre
que é botafumeiro,
catador campante
dos viños eternos.
Cando nos topamos
no Alen-taberneiro,
man a man botamos
chiquitas de ceo,
canadas de ensonos,
moios de pretérito...
E polo infinido
no noso arrandeo
ceibamo-los fumes
da Vida e do Tempo!

1931

# SEITURA

*Agnosco veteris vestigia flammae*

(VIRGILIO, *Eneida*, IV, 23)

Colecção 4 Ventos

F. Bouza-Brey

# Seitura

poesia galega

## *A EMILIA*

*Nas noites tropicais, ao longo das estrelas,*
*Sob da soma, nos dous, das imaxens amadas,*
*Debullamos nas ondas novos sonos e arelas*
*Antre peixes voadores e orquídeas salgadas.*

*Os peiraus das cosmópolis ofreceran, rideiros,*
*Polas bocas fanadas, efímeros mostrarios:*
*Con brinquedos banais, paxións para negreiros;*
*Con sotils lencerías, o fel dos serpentarios.*

*Mais, no calidoscopio de praias esprendentes,*
*Tres lembranzas boiaran, alcesas, ende ben:*
*Galiza, os nosos fillos —tan lonxe e tan presentes!—*
*—E istes cativos versos que son fillos tamén.*

*Velaiquí están remotos, perdidos, asimade,*
*Polos mares neboentos que se agachan en min...*
*Abatidos seus liños dos ventos da saudade,*
*En percura da encalma, chegan ao teu confín!*

# *SEITURA*

# SEITURA

A miña vida évos atal estripo albar
con un niño na cima a cantar e cantar;

un se espiñar nas pugas lacerantes das polas,
pra catar o recendo das inernes corolas,

e ao fin, sin se esgazar,
erguerse no curuto, a cantar e cantar.

Canta alarganza chea, canto espacio feliz,
pra se esparxer meus sinos de Madres de Belvís,

as campás melindradas,
afeitas só aos solpores e mais ás alboradas!

Canta luz, canta fror, canta miuda estrela,
pra arregalar ás pombas da miña murcha arela!

Canto val, canto mar, cantos virxens camiños,
pra que voe a rolada distes meus picariños,

meus versos inocentes,
apañados no vento, sin farnar as sementes!...

Si a seitura é cativa, foivos moito o soñar.
Pra vós ten de chegar,
ouh, páxaros do Esquezo, a cantar e cantar!

# I

## *DEGAROS*

# CANDEA ETERNA

A longura das somas afumadas de dúbidas
cíngueme neste mar de sonos e silencios.
Meus sensos agrilloados por astraes cadeas
non saben derrubar os ídolos do medo.

Fallan vermes de luz pra os camiños iñotos,
sobran escuros veus pra os carreiros sen perda.
Xa non atino —Deus!— cos alcesos degaros
no facho das espranzas que presentín eternas.

Porque eisí me fixeche de humana melodía,
vibrátil como gladio por Arcanxo brandido,
é que, a pouco, derramo, no fito de outros lonxes,
meu fato de amarelle nas pugas dos acibros.

Ai, quen dera atopar aquilo de que fuxo
á toa, toupiñando como unha estrela cega;
apañar os espantos, a perfidia e as dores,
ter de man as angurias e acariñar as trévoas!

Alcende en min, Señor, aquel candor de neno,
inxel, virxen candea que non se queime nunca!...
Pervagar, sin lixarse, por tan inmensas covas!
Esculcar, sin caír, en tan douradas furnas!

# O PESCADOR DE BALEAS BRANCAS

Se eu fora mariñeiro de Corme ou de Caión,
ninguén me poñería o pé dediante, non.

Tiña de ser pescador de brancas baleas
e de corazóns mouros.
Cando marease de cara a Islandia,
levaría arpóns de bágoas firentes
e de salaios que partían;
cordas de versos tristes
e raba de sinos doídos.
E, daquela, as baleas brancas, pombas do mar,
arredor da miña torre de almasí, meu campanario
de outos doores,
pregarían inquedas por ser nocidas
polas miñas artes sensitivas,
e levadas a remolque das angurias
pra os mares fervescentes,
donde amarrara os meus adíbales de cancións...
Que non somentes eu arregálome co amarguexo,
nin os homes tan só arregostan das penas!
E, en chegando ao bon porto co cargamento,
terían de berrar as mozas, onte mudas e mortas,
e os afogados todos do meu barrio:
—"Vinde ver, que volve rico de mourenzas,
quen apañou alburas, o noso amigo,
como nós coroado de medos e névoas,
no longo cabadelo".
E chegarían, daquela, os espantos todos,
feitos e rechamantes,
recachadas as vestes e ceibes os sospiros,
nos perdidos salseiros
da súa vida derramada.

E faría con eles unha Santa Compaña
de fachas alcesas co óleo das baleas
ledas de se queimar nos meus anseios,
e por sempre vagando, areeiros adiante.

Se eu fose mariñeiro de Corme ou de Caión,
ninguén me poñería o pé de diante, non!...

## DENDE A ARMÓRICA

Teño de te prisar no meu feixe de luz,
atal que a min agora prisa o faro de Ermülhk...

Quero que sexas ti o que eu xa non hei ser:
lume na noite, estrela no mencer,

ave no ermo, canto no mar maior,
singular mareante por todo inmenso amor.

—

Teimo de te anegar co meu piago de luz,
atal que a min anega o outo faro de Ermülhk...

Quero que leves ti o que eu xa non hei levar:
alboradas no peito e nos ollos luar;

no estrano esprito alceso ilusión de ilusións,
e o corazón deitando celme de corazóns.

—

Ah, si! Ha te apañar miña fouce de luz,
atal que a min agora a do faro de Ermülhk.

Quero que ti conquiras o que eu non hei conquerir:
polo enxamio dos astros a patria do porvir,

miña Galiza chea, comprida, sideral...
Un praneta senlleiro, todo limpo de mal!

# PARÁFRASIS DE VIRXILIO

Si me pillaras o degaro solto,
ai de min, que ben!...
Anda a pacicar lonxe,
naquel souto de fe.
Vaime ti, sensitivo,
vaime ti, sen lecer;
ten os cornos de brétema
e de harmonía os pés;
a pelica é dourada
como un astro de mel;
manxa nas madresilvas
celestes dos ruibéns...
O meu perdido sono
adoece por el.
Que bravo o meu degaro!
Dime ti si non é?
Quen puidera na noite
apañalo de vez!
Teño de armar un chifro
de longo estremecer,
no que o ar sexa eterno
e a melodía inxel,
que someta aos veados
no meu puzo a beber,
pra que coute ao degaro
choutador e crudel,
estordegando á bretema,
á harmonía e á fe.

# Paráfrase de Virgílio

Ti me trouxeras o degaro solto
¡ai de mim, que bel.....!;
Anda a pacer longe
naquel souto de fé.
Vaime ti, senritivo,
vaime ti sen leser...
Zen os cornos de bréteua
e de armonía os pés;
a pelica é douhada
como un astro de mel;
manja nas madreibas
celestes dos nibeus....
O meu perfil perdido
adoece por él.
¡Que bravo o meu degaro!
¡Dime ti si non é?..
Zuen pudera na noite
apañalo de vez....
Zeño de armar un chifro
de longo ntemecer
no fue o ar sexa eterno
e a melodía ingel,
fue someta aos veados
no meu puzo a beber,
fue corte ao meu degaro
chontiada e crudel
estordegando a bréteua
a armonía e a fé.

F. Bouza Brey, 1935

# NOCTURNO

Tense de vir o día,
apouvigando as póstumas estrelas,
e mais rachando o axouxer que eu tanguía!

Perderei da nenez a melodía?

Ouh, noite das harmónicas arelas,
non quero despertar! E con arrolos,
de mundo a mundo, das millenta nais
que dende o seo-ceu mandan consolos
con sabe Deus que laios e que ais,
neses garridos colos
adorméntame máis.
Ai, que xa chega o día,
apouxivando as tímidas estrelas,
e mais rachando o axouxer que eu tanguía!

Ai, que perdo ca infancia a poesía!

Adorméntame, noite! Teño medo
a ise cocón do Sol de un ollo só...
Teño medo da Aurora, a Mari-Manta
que aos meus astros espanta;
que, cando se levanta,
afoga ao roisiñol no tenro voo.

Ouh, noite solermiña,
onde alongo meu berce sideral,
onde todo é abesedo
de roseira inespiña,
de amoroso louredo
e de fresco xestal,
faime dormir! Que os ollos algareiros
de brétemas e de húmidos neboeiros,
afeitos antre veus e antre cendais,
se pechen, silandeiros,
nas trevas sin luceiros
pra non se abriren máis!

# AS AUGAS ESQUENCIDAS

Tornos das fontes esquencidas,
cubiza dos beizos meus,
nacentes de augas escollidas
por onde soio bebe Deus:

homildes augas recendentes,
dispersas, sen canles nin quellas,
por riba das grávidas sementes,
por baixo das mínimas pontellas:

as da Serea e da Ferreiría
ergan solene arquitectura:
eu vou convosco á lonxanía,
onde só a vosa voz murmura,

aquelas corgas agachadas
polos fentos e os ambruíños,
para folga das espritadas
volvoretas cos paxariños,

e mais as gándaras sempre ermas,
onde, nos tristes areeiros,
vosas escumas pra herbas enfermas
saben a bicos miragreiros.

Amadas augas esquencidas
que venturosa a perda vosa!...
Tamén eu sei de algunhas vidas
que ao lonxe van como perdidas,
mais... ouh, que perda venturosa!

# II

## *DE VOLTA EN VOLTA*

## RODA PRA NENAS TRISTES

Precura nas mans do Vento,
Sol,
que se levou meu acento.

Esculca nas mans da Lúa,
Sol,
que se zugou miña albura.

O acento da sin alento;
a albura da sin ventura!
Sol, Sol, Sol!

Ninguén ouviu o meu pranto,
Sol,
de que valeu morrer tanto!

Ninguén bismou miña frida,
Sol,
de que valeu ser nocida!

O pranto da sin encanto,
a frida da morta en vida!
Sol, Sol, Sol!

Cando estarei ao teu par,
Sol,
moxena do teu lumiar.

Cando estarei a túa beira,
Sol,
cinza da túa lareira.

Moxena de eterna pena
da cinza que nunca inza!
Sol, Sol, Sol!

## TÓPICO NO PORTO

—"Ai amor, ai amor; ai amor!...".
Na amura, o rapaz de abordo
soletrea no escordeón.

O mar devala, devala...
Panos de limón do sol
mándanlle adeuses á praia.

—"Ai amor; ai amor; ai amor!...".
Un mariñeiro asañado
mata ao lonxe unha canción.

Cara a Estrela da Fartura,
arregala os ollos teixos
o remador da falúa.

Bate á noite o corazón
lembranzas, saudades, bágoas...
—"Ai amor; ai amor; ai amor!...".

# AGARIMO

As mans, como navíos,
asulcan teu cabelo,
mar que se escacha en fíos
na frente sete-estrelo.

Sob as douradas olas
o corazón moíña,
e enfoula as almas tolas
a infinida fariña.

O misterioso goce,
que sofre o esprito lene,
relampa no teu doce
ollar para-selene.

De un recanto do ceo
meu amor estreleiro,
pra pousar no teu seo,
prisa un bico luceiro.

E, alcendendo a candea
da venturanza miña,
canta a boa serea:
—"Acariña, acariña..."

## SAN BENITIÑO DE LÉREZ

Chapelear dos remos dos barqueiros
nos salóns esquecidos e saudosos;
no amieiral a fonte saloucando
polos beizos antigos dos seus tornos,
e o testo Lérez compasando as cántigas
da colmea de mozas e de mozos:

"San Adrián é barqueiro,
barqueiro é San Adrián;
San Adrián é barqueiro
que leva o remo na man".

Acolá en riba a grea de romeiros
rubindo o carreiral de verdes louros;
máis outo aínda o mosteiro de Bieitos,
deitado antre parrales bretemosos,
e o badalar dos sinos lareteiros,
como estorniños a pregoar nos cotos:

"Si vas a San Benitiño,
non vaias ao de Paredes,
que é moito máis milagreiro
San Benitiño de Lérez".

Da eirexa sai o nobre patriarca,
do corvo ledo no peteiro o bolo,
levado en trunfo, o blago en arrandeo,
antre as quentes beizóns dos seus devotos,
en tanto que os foguetes vagabundos
dende o outo berran co algareiro trono:

"San Benitiño de Lérez,
o que lle foran armar:
que tiña un homiño morto
debaixo do seu altar".

Reloucante romax'! Dourada festa
de gaiteiro, charanga e viño morno!
Sob do codeso en fror, leito de abrulas,
no empardecer, Amor sementa ensonos.

Volta das barcas, baixo a mesta lúa!
Antre risadas, cántigas sen folgo...
e unha rachante voz que abate a noite
co seu estrano deixe misterioso:

"Miña nai, cando me eu morra,
si morrer en Ponte Vedra,
medrarán rosas na cova!"

# CRUCEIRO

*Trivium*, encrucillada
do Infinido.
Cara a Ti van, Señor,
os tres hirtos camiños.
Un serpea os beirales
dos desacougos místicos
que fan do amor un pasmo
e fan do pasmo un rito
e matinan de cote
no Deus Único e Trino.

Outro, rudo, flaxela
noso corpo cativo,
arelando se ceibe
o esprito.
Eu vou polo vieiro
na terra frolecido
e véxote, Señor,
ao pé de cada esquivo
penedo, percorrendo
o celme en cada pino,
bulindo en cada verme,
choutando en cada niño,
pinchándote nos toxos,
bicando logo os pinchos,
pegureiro no monte
co armentío,
nas mourenzas do mar
mariño,
nos sinos e nas herbas
saudoso e lírico,
na fartura dos vales
trocado en pan e viño...

Señor, que ben me amostras
o carreiro alcendido
cos teus brazos de pedra,
tan feridos,
apreixando a campía
neste *trivium!*

## FALAS DA DOCE MENIÑA

Aquel recanto da Quintana, madre,
do santo rapaciño decolado,
desacóugame o ledo corazón.
Non podo, madre, ollar pra as outas rexas
da ferropea de San Paio, onde
na alborada se doen as campanas,
do cego do esquiñal, que prega ás noites
perto do torna-rodas, de masiño,
chova que neve, orballe que sarabie,
bolboretas de esmolas ventureiras.
De outro neno do mundo sei a historia:
embrullado nos veus do esquecimento
por misteriosa nai de aguda soma,
tanto fixo chorar ás boas estrelas
e apouvigar o alento á tenra Lúa,
que ouricelaron as solemnes torres,
miragre de neboeiro e vagalumes.
Aquel recanto da Quintana, madre,
aquel coitelo na tallada gorxa,
aquela soma antiga que serpea,
trenquenear do Vía-Sacra adiante...
Ai madre, miña nai, xamais me mande
que dende alí lle rece aos Vinte e Sete,
que en fatelo de pedra, silandeiros,
sorrín de cara a min na Porta Santa!

Aquel recanto da Quintana, madre,
desacóugame o ledo corazón!

## SI CADRA UN DÍA EN TI

Si cadra, un día, en ti, como nun sono,
mergúllome, ouh estrana e vaga historia,
que inda estás por contar en verso antigo,
Deus sabe en que farándola remota!

Que ollos remedarán o meu fasquío?
Meu nome sortirá de cales gorxas?
Que verbas eu direi que non se esquezan
naqueles peitos e naquelas bocas?

Quezais, exempro pra seguir nalgures,
vivirei nun castelo ou nunha cova,
cuberto de pasións e de desexos,
preada ben pra corvos, ben pra pombas.

Serei tirano como un rei antergo,
ou triste como un deus de fe xa morta...
Que veus lle botarán ao meu esprito
e que feixes de luces ou de somas!

Que corazón me pintarán soberbo
e cales mañas me darán treidoras!
Dos beizos dos poetas moribundos
que versos sairán á miña conta!

Si cadra, un día, en ti, como nun berce,
volvo a vivir, estrana e vaga historia.
E asegún quen che cante, eisí serei
dor para santos, risa para idiotas.

# VISITA DE CÁNTIGAS

—Pousa a nosa distancia, que che ten de pesar,
e descansa no espacio, pra nos ben atopar!...

—Velaiquí estou sen lúas, sen camiño nin mar.
Vin polo de arrodeo, irei polo atallar.

—Adormecín no tempo, tanto te procurar.

—Como canta o paxaro do silenzo ao teu par!

—Fálame co balbordo do xamais espertar.

—A túa voz na ausenza brila a mais non brilar,
como bico perdido dende o humano bicar.
Túa espranza me acena pra endexamais voltar,
cara o beizo tremante que me ven de ceibar.

—No teu berce de néboa ímonos arrolar.

—Adeus! Polo infinito me non podo parar.
O meu berce está virxe, ninguén nel se ha deitar,
senón a canción nova que ninguén ha cantar.

—Pousa a nosa distanza, que che tem de pesaaar!...
Teño camiños mortos pra andar e desandar,
e atoparei cos beizos de escuma de luar,
que cantan cada noite o que naide ha escoitar...

—Tanto ten o inouvir como o eterno calar!

# III

## *LAIOS*

## QUINTA-FEIRA MAIOR

Y en la noche del Huerto me han sido
Juan cobarde y el Angel hostil.
(G. Mistral)

Olivedos do insomnio, meus hortos de oración
onde ateiga seu cálice meu esprito en pasión,
cando baixará o Anxo da miña redención?

Vin axexar ao Xudas sobre das sombrizas polas.
Da soldadesca ao lonxe óucense as riandolas
e chégame o balbordo das brutais parolas.

Os meus discipros dormen deica o raiar do día,
alleos á tremenda feición de treidoría,
e a lúa nos seus rostos pon somas de agonía.

Pai celeste, que sabes do meu inmenso pranto,
e co il me acariñache na forza do crebanto,
porque eisí me abandonas no meio de iste espanto?

O cálice reverque. Eu pido a miña cruz.
Eu quero a miña croa de arnales toxos nus,
mais o vinagre acedo que queimou a Xesús...

E si despois non mandas que haxa pra min Tabor,
nin que me sente á beira de Cristo Redentor,
senón que eternamentes sinta penas e dor,

que groria pode haber como o sofrir, Señor?

## NO CEMITERIO DE CORTEGADA DE MIÑO

Ben vin o gaio
do corpo labrado
na pola do pino delgado.

Ben vin o gaio
do peito chorido
na galla do pino brandido.

—"Ben haxas, gaio,
co teu cantorío,
que eisí labras o meu rechouchío..."

—"Ben haxas, gaio,
co teu leixaprén,
que eisí me brandeas o peito tamén..."

—

Ben vexo ao gaio
do bico amaranto
na maceira brava do campo santo.

Ben vexo ao gaio
co seu peteirar
orballada de frores ceibar.

—"Ben haxas, gaio,
co teu abaneo,
que eisí compres as mandas do Ceo..."

—"Ben haxas, gaio,
ca túa depena,
que eisí me decoras a campa da Nena!..."

## NA MORTE DO MOZO ERUDITO XURXO LOURENZO

Mocedade milgranada
da miña terra en sazón,
en maturidade as frentes,
quen te viu, quen te mirou!...
Cada frol da milgranada
un inmenso corazón;
cada pinga do seu sangue
universos que callou!

Alá vai da milgranada
aquil baluce mellor,
aquil que tremelucía
gueipos de luz en pasión.

Alá vai no seu cabalo
de nubens, como un heroi,
a cazar nos ceos abertos
anseios que eiquí soñou
pra unha patria dormida,
pra un destino sen rol,
pra un alento sen peitos,
pra un salaio sen dor...

Alá vai, polo olivedo
da nosa recordación!

# A BARCA DA SAUDADE

Aquela barca tola
ben a miro pasar,
arrola que te arrola,
como un berce no mar.

Ten as velas de néboa,
áncoras de luar,
por remos van loureiros...
que bon recendo dan!
Os mastros de alcipreste,
que longos na soedá!
Canto espiñas nas augas,
timón de estripo albar!

Aquela barca tola
ben a miro pasar;
non vos leva piratas,
tampouco carcamáns,
leva unha chea de aves
mudas e sin voar,
embrulladas as prumas
e talladas as ás.
Alá, en riba do foque,
vai unha a peteirar,
hastra tirar moxenas
de un corazón humán.
De súpeto, na noite,
se esnafran a cantar
cantigas medoñentas
de anguriado solás:

—"Dos catro cantos do Mundo
ven a barca da Saudade,
e, a morrer dentro da tilla,
moitos sospiros vos trae,
—ai de nós!—
moitos sospiros vos trae!

"Somos almas de emigrados
que non puidemos chegare
a ollar a costa galega
cos nosos ollos mortaes,
—ai de nós!—
cos nosos ollos mortaes.

"Os corpos fican leixados
polos campos tropicaes;
as nosas almas navegan
de cara aos eidos nadales
—ai de nós!—
de cara aos eidos nadales.

"Non nos amarres, ouh corpo;
ouh corpo, non nos amarres!
Voga, esprito! Fuxe, esprito!
Avante, ouh esprito, avante!
—ai de nós!—
Avante, ouh esprito, avante!!"

—

Aquela barca tola
ben a miro pasar.
A bica cada ola,
dalle apertas o mar.
Xa se vai rechegando
á costa, a tremelar.

Denantes de que arribe,
érguese o capitán,
e, con voz que arrepuíña,
berra a mais non berrar:

—"Mol rabanda do Mundo,
sabrosa terra nai,
que ventura manxarte
como un lírico pan
e chantarte a dentamia dos ollos
na códea vidal,
madura, recendente,
vizosa, a latexar!...
Somentes ti me sacias
a fame perennal!
Regusto de alonxarme
para logo voltar,
e adormir no teu colo

abranguendo teu van,
como un Miño quencido
polo peito dos vals,
cas augas quedas, quedas,
sen presa polo mar.
Ouh, quen dera ser neve,
derreter no teu chan,
e despois, feita nube,
nos teus ceos voar,
pra cair nos orballos...
e eisí pra endexamais!
Salcóchate de estrelas,
que é o teu doado sal.
Afúmate de brétemas
no caínzo da serán,
que os sentidos precisan
de ti, fogaza albar;
de ti, suprema bica
e proia caroal;
de ti, en sazón e chea,
ouh Galiza maná!"

Aquela barca triste
ben a mirei pasar.
Leva velas de brétema,
áncoras de luar...

# IV

# *LOUVORES E PANXOLIÑAS*

# NADAL

Teño un alboio esquencido
no íntimo pardiñeiro,
do que os muros van caíndo
sen remedio...

Nin a silveira decora
o seu tellaván desfeito!

Naquela friaxe triste
de neboento misterio;
naquela noite medoña
de ceo sempre coberto,
pra min e soio pra min,
—astro de amor!— nace o Neno.

Canto aguinaldo de bágoas,
meu corazón pegureiro
como unha abrula perdida
na soedá de aquil ermo!

E canto mel de sorrisos,
meu Abellarizo tenro,
Nectario das frores todas
dos cármenes do Universo!

Vinde acá meus cinco fillos,
meus dedos da man do Eterno,
con bicos por castañolas,
con apertas por pandeiros,
adourar ao Deus Meniño
que escolleu para o seu berzo
limpo feno da miña alma
na ruina do meu peito.

## PANXOLIÑA

Noite das Noites en Belén!
Fun pegureiro no Portal,
levei un chifro de alcacén
e unha fogaza candeal.

*Canto anxeliño a recrear!*
*Cantas estrelas de arredor!*
*E canta almiña a se salvar*
*ao pé do Neno Redentor!*

Noite das Noites en Belén!
Un vello cego de Xudá
cantaba un ledo leixaprén,
louvando á Eterna Craridá!

*Canto anxeliño a recrear!*
*Cantas estrelas de arredor!*
*E canta almiña a se salvar*
*ao pé do Neno Redentor!*

Noite das Noites en Belén!
Misterio inmenso que alí vin!
Foi a alborada para min
e mais pra vós.

Amén.
Amén!

# GOZOS Á DIVINA PELERIÑA

*Vou de ventura, Señora,*
*vou de ventura...*
*Noite pecha e vía escura!*
*Dádeme unha boa hora!*
*Pobre e orfa criatura,*
*Señora, vou de ventura!*

—

Son aquil triste de espanto,
fillo da treva e do pranto,
mesquiño de outa tristura.
Albisco a luz do Teu seo,
de onde aluma a terra e o ceo
a Suprema Fermosura.

Fror do máis ermo camiño,
Arcaz do Trigo Diviño,
Nai do Amor e da Lentura,
que a alborada se levante,
que a laberca voe e cante
nesta vrea de amargura!

Aopousar en Ponte Vedra,
vivente en dourada pedra
contempro a vosa figura.
Venia aquil pedreiro vello
que vos copiou nese espello
de tan xeitosa feitura!

Homildoso, na capela
penduro da gradicela
miña cativa seitura:
rolos de esquencidas rosas,
favos de estrofas saudosas
sin recendo e sin melura.

Vexo o sembreiro garnido
de cunchas de ouro polido,

cobexando a galanura
de cobalto de ises ollos
ledos como cabrinfollos,
que me celan desde a outura.

Sei da cortés escraviña
que vos compón peleriña
co bordón que vos atura.
E tamén pra seguranza
levo a rebuldeira espranza
da vosa compaña pura.

No Teu colo á Groria Suma
ondas de arxentada escuma
adormentan con dozura.
Nos arrolos randieiros
cos dediños petisqueiros,
os perigos esconxura.

Posto que xa nace o día,
e escoito da cotovía
cántiga que ao esprito cura,
teño de seguir adiante,
malfadado camiñante
por mar de medo e tolura.

Abesedos pasarei,
que agora alumearei
co auxilio da Vosa albura;
noitebras do corazón,
que agora axota a beizón
da vosa destra segura.

Que linda e que branca a aurora!
O vo do oureol decora
a mañanceira frescura...
Señora de Ponte Vedra,
a vida xa non me arredra,
non hei dor nin hei pavura.
Convosco vou de ventura!

## LOUVORES AO SEÑOR SANTIAGO

Canta no mar maior unha eterna serea
por mandado de Deus, nunha cantiga chea
de melura, de paz e de inxel harmonía,
dende o pecho da noite deica ó abrente do día,
de como ollou pasar, albo de pasmo o rosto,
gadañando na escuma, aos ruibéns do sol-posto,
unha barca senlleira, unha dorna de pedra,
nin ferida de pico nin bicada de hedra,
co mastro de ouro enxebre, as velas de diamante,
sen remos nin timón, mais de cote trunfante,
virxe de humana labra, limpa de todo o lixo,
perfecta porque a man do Señor eisí a fixo...

Ao seu redor bulía a natureza toda.
De mans dadas, as cousas beilaban nunha roda
e do outo descían raiolantes estrelas
desfiañando as ondas pra se espellar en elas.

Dendes da proa á popa, todo ao longo tendido,
xacía un varón nobre de corpo ben comprido,
crenchos cabelos louros, barba cobregueante,
co seu ollar perdido polos ceos adiante,
a testa maxestosa sorríndose feliz
e ca gorxa tallada escoando rubís.
Fenescido de corpo, mais de esprito inmorrente
porque a gracia diviña lle bicara na frente,
de sete mozos fortes El viña beireado
que entoaban, mans postas, un cántico sagrado,
e que ao albiscar de lonxe a terra de Galicia,
puxéronse de pé, afoutos de ledicia.

Ah, fidalgo apostólico, fillo da Iaffa escura
que na historia se incou por ti de fermosura!
Ah, cabaleiro certo, morgado das Españas,
que as crónicas dourache co sol das túas fazañas!
Ah, romeu dos romeus¡ Ah, frol dos peleriños,
que por Cristo asulcache os máis hirtos camiños!
O das guedellas louras, o do corpo garrido,

Xacobe Zebedeu, noso patrón sabido,
o rexo mareante do mar da Galilea,
por quen inda o escamallo dos peixes alumea
a fe cristiá nas praias dos máis remotos mares,
onde ecoan teus firmes acentos seculares...
eras Ti, Boanerxes, o que viñas, daquela,
a deitarte no colo da virxinal doncela,
da terra verdegada dos ollos inocentes,
dos castos neboeiros e as augas transparentes,
do ensono e da saudade, do engado e fantesía,
onde o ar é concento e a chuvia é poesía,
e ista terra galega estremeceuse toda,
atal que a noiva cándida no día da súa boda,
soupo darche repouso baixo un bosco segredo,
e con Lupa, a pagana, adeprendeu o Credo!

Tanto ao che ter de morto como ao chegares vivo,
o noso corazón xamais che foi esquivo:
ofreceuche cas veigas, súas mellores searas,
achairouse cos montes, pra que logo a escalaras
e, guindando cos ídolos, xeneroso e randieiro,
queimouse en honra túa como un bota fumeiro.
Decídeo vós, choridas valgadas de Iria Flavia,
alciprestes do Ulla, amenerios do Avia,
salgueiros do pai Miño, sabugueiros do Sar,
constelacións do ceo e alarganzas do mar!...
Todo eiquí se alcendeu e foi craro e foi mol
en canto ti viñeche, dende as almas ao sol;
e agora na túa festa cantan mellor os niños,
abren mellor as fontes, choutan máis os moíños,
a cogulo os canastos arregañan os millos,
e o sorriso máis ledo alcenden nosos fillos.

Olla como a Cidade sabia e santa por túa
se adovía cos tímidos abaloiros da lúa,
e de cada recanto fai surdir misteriosas,
as millentas figuras das lendas máis fermosas.
Velaí ven Isabel de Portugal, a raíña,
cun mangado de rosas; detrás Caramoniña
desfolla lilios brancos, non máis brancos que a cara
da que os trepa, a novicia porteira en Santa Crara
a quen gardou a Virgen as chaves do Mosteiro,
mentras de que ela amou; sigue o vello romeiro
Guillelme de Aquitania, que no Viernes Maior
finou no voso tempro; e ao fin, morta de amor,
ceibando melodías, doorida e contrita,
envolveita en sospiros, desfila a "Favorita"...

Alí figuran reises, Cides e Calromanos,
cos príncipes de preto ós Tamorláns lonxanos,
pelengríns, cambeadores, capitáns e troveiros,
brosladores e ourives, monxes e acibecheiros,
e en tanto que no ceo loce o camiño real
do teu nome, o cortexo entra na Catedral,
pra te ofrendar, rendida da noite da desvela
a grande alma de bágoas que xeme Compostela.

Cando o mundo en tolemia se desfai, ouh Santiago,
canta falla nos fai que tremoles o blago,
arrecades a barca e, hoxe como onte,
cates homes enteiros no remoto horizonte,
que facendo do orbe unha soa singradura,
queimen as almas todas na túa lume pura.
Cando se esvai a espranza e a caridá esmorece,
sálvanos Ti coa fé, escoita a nosa prece,
Bendice nosos agros, noso ceo, noso mar,
o escuro do trebón e o craror do luar,
a brétema e a vide, o penedo e a rosa,
o val de ledas ceifas e a montana fragosa,
xestas e codesidos, millos e liñareiras,
avelanedos novos e vellas carballeiras...
—todo o que nos dá pan e viño, luz e lume,
fartura para manternos ceibes de servidume!—
a eireixa, a chouza, a corte, a cántiga e a fala,
rítmica e cariñenta como un berce que abala
o río, a fonte, o vento, a nube e o rodicio,
o arco-da-vella nuncio e o refacho propicio,
o grilo silandeiro e a ave navegante,
—todo o que nos decore e todo o que nos cante!—
canto nos faga limpos, escorreitos e sans
pra domear no mundo tódolos meridiáns
e pregoar a Cristo onde sexa iñorado,
novos Franciscos Branco ou Rosendes Salvado!!

# V

## *RETRINCOS*

# LECTURA AUTUMNAL

Na serán escalazada
remanece o meu fastío
no azul dos tolle-merendas
e no marelo dos vimbios.

Na brétema se arrandea
meu corazón esquencido,
mentras o orballo destece
os contornos fuxitivos.

Cando queiras podes vir,
feliz ensono perdido,
que a luz xa vai debecendo,
das mans escorrega o libro
e na fiestra, embazados,
choran docemente os vidros...

## SERÁN EN ESPOSENDE

Na frol de cristal da copa
orballo de viño mouro.
Copeiro todo Esposende
a se escoar entre lobios.

Bebe, corazón amante,
estrelas de un ceo novo,
Aldebarán súa pinga,
as Tres-Marías seu grolo.

Ceiba ti, Pena-Corneira,
do teu poleiro de coios
cacaracás de lúa verde
polo peteiro dos toxos.

Encomenda de Beade,
que te me enredas nos ollos,
manda pra acá a noite viuda
de toda caste de ensonos.

Copeiro, orballeime agora
celme de luceiro morto
e adormecerei ca Lúa
nesta solaina aos arrolos.

## DENDE O OUTO LARAÑO

Dende o outo Laraño
non é xa Compostela...
O ceo máis meus ollos
van cobertos de brétema.
Carballos outonizos
das lonxanas devesas,
acibros espiñentos,
fidels tolle-merendas,
que vivís apegados,
que sodes dos que quedan,
cando pase a rolada
de follas ventureiras,
mirai por si topades
meu corazón antre elas.

## GODALLO CHOUTADOR

Espiñouse a belida,
espiñouse a louzana
en un espiño arnal
de volvoretas brancas.

Espiñouse a belida,
espiñouse na cara
e churiu unha rosa
na fazula espiñada...

Godallo trouleador
de chocallo de prata,
os choutos bicadores
dime, pra cando os gardas?

## REGO DE INXENUO RUMOR

Rego de inxenuo rumor
que dás voltas sabiamente
so por vir pasar a rente
de ista cerdeiriña en fror,
recompensa ao teu amor
toparás ditoso asiña,
pois que a brisa solermiña
orballará na alborada
encol da auga namorada
as frores da cerdeiriña.

# VI

## *SONETOS*

# A ROSALÍA

Na visita de dona Gala Murguía
ao mausoleu da súa nai

Pra acariñar a mármore xeada,
que quixo dar embrullo e acalento
á vosa humanidá martirizada,
ouh, señora da Dór e o Esquecimento,

connosco ven, do tempo aluarada,
prenda que é vosa, frol do voso alento,
verso de amor, estrofa de tormento
no voso seo escrita e máis cantada.

E... como vai quencendo a pedra agora
co bico que isa filla deu, señora,
remanecendo os bicos de algún día!

Xa non enfriará, que a patria en roda
no agarimo filial puxo a alma toda
e a Galiza é eviterna, Rosalía!

## A OTERO PEDRAYO

Ditoso ti que longamente aniñas
no corazón das cousas transparentes,
astro das nosas noites cristaíñas,
alba dos nosos días trascendentes.

Ditoso ti na voz das panxoliñas,
no chisco das estrelas inocentes,
asa no voo das almas andoriñas,
flama no lar de amores eminentes.

Honor da nosa Patria! Excelso cume!
Outeiro e penedía! Luz e lume,
e río e mar e val e xea e frora!...

Canto Galiza loce no seu seo!
Canto ten de harmonioso en terra e ceo!
Canto nos enaltece e nos decora!

## NO PASAMENTO DE BALDOMIR

Inda que cales, reiseñor, na noite;
inda que morras, luz de inmensa estrela;
inda que non haxa espírito que escoite
teu maino saloucar, casta fontela,

gardamos nós, galegos, os divinos
escintileos dun luceiro ardente,
de un ave singular os doces trinos,
de unha linfa purísima a corrente,

que eres ti, Baldomir, arco sonoro
tendido xa dende Galiza ao Ceo
por espacios de néboa e de zafir...

Como resoa eternamente, a coro,
"Dous Amores", por anxos, en solfeo,
nos ermos sideraes, Baldomir!...

## AO POETA CANARIO LUÍS DIEGO CUSCOY

Ah, que emoción galega nos teus versos,
caro Cuscoy das boas lonxanías!
Ah, que lembranza de precraros días
na brétema dos séculos dispersos!

Encheuse o meu esprito de universos,
tomaron voz as vellas profecías
e, ledas e tremantes, as lelías
sulcaron novos rumbos descobertos.

E todo foi como nun ar antigo:
mentras nos mandas cántigas de amigo
polo solemne mar nas albas velas.

Encalada en misteriosa Lúa,
atá a Galicia plena, a ialma túa
e a ialma das túas Illas ven co elas.

## DIANTE DO MAR DE CAMBADOS

O canistrel de mestos lumiares
que na serán calada se derrama,
todo luz, todo ouro, todo flama,
envexa de sol pores e de mares,

preludio é dos pálidos luares
con que na noite a praia se recama,
en tanto a onda en pasión ama e desama,
envolveita nas néboas tutelares...

Ría de Arousa, grávida de cores,
serea dos atlánticos amores
que acariñache a miña infancia inxela,

faime un recanto no argacento colo,
un sartego onde durma ao teu arrolo
no máis esquivo con da túa orela!

# TÁBOA


| | Páxs. |
|---|---|
| LIMIAR | 5 |
| NAO SENLLEIRA | 13 |
| *¡Quén dera ser nao senlleira!* | 21 |
| Lelías ao teu ouvido | 23 |
| Troba infinita | 24 |
| Triadas no mar e na noite | 26 |
| Teño unha estrela | 28 |
| Descordo pra ben muiñar | 30 |
| Clamor na encrucillada | 31 |
| Troba das sete naos | 32 |
| Tenzón co malvís amigo | 34 |
| Na morte de Julio Brumbeck Reguera | 35 |
| Temas en corazón | 37 |
| Temas da fonte agachada | 38 |
| Cántiga cívica | 39 |
| O escordeonista | 41 |
| No anal de Manoel Antonio | 43 |
| Parranda mariñeira | 44 |
| Regueifa | 45 |
| Gándara | 46 |
| Eu teño un compadre | 48 |
| SEITURA | 49 |
| *A Emilia* | 55 |
| *SEITURA* | 57 |
| Seitura | 59 |
| *I. DEGAROS* | 61 |
| Candea eterna | 63 |
| O pescador de baleas brancas | 64 |
| Dende a armórica | 65 |
| Paráfrasis de Virxilio | 66 |
| Nocturno | 68 |
| As augas esquencidas | 69 |
| *II. DE VOLTA EN VOLTA* | 71 |
| Roda pra nenas tristes | 73 |
| Tópico no porto | 74 |

Páxs.


Agarimo ..... 75
San Benitiño de Lérez ..... 76
Cruceiro ..... 78
Falas da doce meniña ..... 80
Si cadra un día en ti ..... 81
Visita de cántigas ..... 82

*III. LAIOS* ..... 83
Quinta-feira maior ..... 85
No cemiterio de Cortegada de Miño ..... 86
Na morte do mozo erudito Xurxo Lourenzo ..... 87
A barca da saudade ..... 88

*IV. LOUVORES E PANXOLIÑAS* ..... 91
Nadal ..... 93
Panxoliña ..... 94
Gozos a divina peleriña ..... 95
Louvores ao señor Santiago ..... 97

*V. RETRINCOS* ..... 101
Lectura autumnal ..... 103
Serán en Esposende ..... 104
Dende o outo Laraño ..... 105
Godallo choutador ..... 106
Rego de inxenuo rumor ..... 107

*VI. SONETOS* ..... 109
A Rosalía ..... 111
A Otero Pedrayo ..... 112
No pasamento de Baldomir ..... 113
Ao poeta canario Luís Diego Cuscoy ..... 114
Diante do mar de Cambados ..... 115

Rematouse de imprentar
no obradoiro de
"Artes Gráficas Galicia, S. A.",
na rúa Segovia, 19, de Vigo,
o día 16 de maio do 1992,
víspera do
DÍA DAS LETRAS GALEGAS

REAL
G
A
35
Bib

Carlos Casares • FERMÍN BOUZA-BREY

ACADE
GALEGA
CORUÑ
298
bliotec